EXTRACTO AMBIENTAL

CARPETA **07.AAE**



APROBACIÓN INICIAL do Plan Básico Municipal do Concello de San Xoán de Río

Febreiro 2021

XUNTA DE GALICIA

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

ÍNDICE

EXTRACTO AMBIENTAL

1. DATOS DO INSTRUMENTO DE PLANEAMENTO 3

2. EXTRACTO AMBIENTAL 3

2.1. XUSTIFICACIÓN DA INTEGRACIÓN NO DOCUMENTO DE PLANEAMENTO DOS ASPECTOS AMBIENTAIS 3

2.2. INTEGRACIÓN DAS DETERMINACIÓNS DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO 6

2.3. RAZÓNS DA ELECCIÓN DA ALTERNATIVA SELECCIONADA EN RELACIÓN COAS ALTERNATIVAS CONSIDERADAS 11

2.3.1. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS 11

2.3.2. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN 11

3. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O SEGUEMENTO DOS EFECTOS DA APLICACIÓN DO PLAN NO AMBIENTE 12

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

1. DATOS DO INSTRUMENTO DE PLANEAMENTO

Concello	San Xoán de Río
Código do instrumento de planeamento	32070_PBM_202012_AI
Denominación do instrumento de planeamento	Plan Básico Municipal do Concello de San Xoán de Río
Competencia para a aprobación definitiva	Autonómica
Enderezo electrónico	

2. EXTRACTO AMBIENTAL

2.1. XUSTIFICACIÓN DA INTEGRACIÓN NO DOCUMENTO DE PLANEAMENTO DOS ASPECTOS AMBIENTAIS

Ocupación do solo: o PBM minimiza o consumo de solo restrinxindo a delimitación do solo de núcleo rural aos asentamentos xa existentes e aplicando estritos criterios de delimitación, que favorecen a rehabilitación fronte á nova edificación e limita as posibilidades de novas edificacións aos espazos baleiros entre as agrupacións máis compactas de edificacións xa existentes. O incremento de solo de núcleo rural delimitado polo PBM é de tan só 64,0ha. Clasificáronse na categoría de **Solo Rústico de Protección Ordinaria (SRPO)** todos os ámbitos de solo rústico non suxeitos a unha especial protección segundo o regulado no artigo 34 da Lei 2/2016 e na correspondente lexislación sectorial. Esta categoría de solo ocupa 3.205,44 ha (52,44 % da superficie total do concello)6

Paisaxe: atendendo ao establecido no artigo 34.2.g da Lei 2/2016, o **Solo Rústico de Protección Paisaxística (SRPPX)** está constituído polos terreos considerados como áreas de especial interese paisaxístico de conformidade coa lexislación de protección da paisaxe de Galicia; consecuentemente o solo rústico de protección paisaxística do concello de San Xoán de Río correspóndese ca área de especial interese paisaxístico “Val do Río Navea” (AEIP 02-01), delimitada polo Catálogo das paisaxes de Galicia e incluída no PBA. Esta categoría de solo rústico ocupa 242,14 ha (3,96 % da superficie total do concello).

O desenvolvemento do PBM influirá na evolución da paisaxe dos núcleos rurais delimitados no plan e, en menor grao, na do solo rústico de especial protección. A paisaxe dos núcleos rurais pode experimentar un maior grao de urbanización pero que, en todo caso, contribuirá á consolidación e compactación dos asentamentos existentes e se desenvolverá de acordo coas medidas de integración paisaxística establecidas nas ordenanzas de edificación e uso do solo do PBM, evitando ameazas como pode ser as construcións discordes co medio, os vertedoiros incontrolados, os peches das parcelas, etc. A protección do solo con especiais valores a través da súa categorización como solo rústico de especial protección favorecerá a xestión da paisaxe destas zonas e a conservación dos seus valores paisaxísticos

Patrimonio natural: na elaboración do PBM analizáronse os elementos do patrimonio natural e tivéronse en conta os espazos protexidos e os instrumentos derivados da lexislación en materia de espazos naturais e conservación da natureza.

As ordenanzas de edificación e uso do solo do PBM, xunto coa normativa reguladora en canto a uso do solo, protección e conservación da biodiversidade, dominio público hidráulico e demais normativa

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

sectorial, determinan as actividades posibles nas distintas categorías de solo rústico dando maior protección ao patrimonio natural e permitindo compatibilizar o aproveitamento do territorio coa conservación dos recursos naturais.

As ordenanzas reguladoras do uso do solo do PBM priorizan o emprego de especies vexetais autóctonas, a conservación de especies autóctonas e exemplares de maior porte, a eliminación de especies exóticas de carácter invasor e a promoción de zonas verdes especialmente nas zonas lindeiras ás canles dos ríos, como protección da súa marxe e da vexetación de ribeira, e a recuperación de zonas degradadas.

Esta protección garante a aplicación de medidas fronte á eliminación de ecosistemas de interese, contaminación agraria, tendencia caótica na distribución dos usos do solo, incremento das emisións de gases de efecto invernadoiro, etc.

O concello de San Xoán de Río procede a clasificar no PBM como **Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SRPEN)** aos terreos incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais, nas áreas de presenza e áreas críticas definidas nos planes de recuperación ou planes de conservación de especies ameazadas e aquelas outras zoas para as que así se determine expresamente algún dos instrumentos de planificación recollidos na Lei 5/2019 de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. A delimitación de SRPEN corresponde en San Xoán de Río co espazo natural “Val do Río Navea” definido na categoría de “Paisaxe Protexida” dentro da Rede galega de espazos protexidos. Esta categoría de solo rústico ocupa 242,14 ha (3,96 % da superficie total do concello).

O **Solo Rústico de Protección das Augas (SRPAU)** está constituído polos terreos -situados fora dos núcleos rurais- definidos como dominio público hidráulico na súa respectiva lexislación sectorial, conforme ao establecido no artigo 34.2.c da Lei 2/2016. A delimitación do solo rústico de protección das augas reflectida nos Planos de ordenación resulta do cálculo dunha zona de influencia de 100 metros a partir da cartografía da rede hidrográfica da Base Topográfica de Galicia actualizada (BTG10 2020). Esta categoría de solo rústico ocupa 1.979,59 ha (32,39 % da superficie total do concello).

Atendendo ao establecido no artigo 34.2.b da Lei 2/2016, o **Solo Rústico de Protección Forestal (SRPF)** está constituído polos montes veciñais en man común e os terreos de alta produtividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente. Dada a inexistencia deste catálogo para o ámbito territorial de San Xoán de Río, o solo rústico de protección forestal está constituído polos montes veciñais en man común recollidos no PBA, concretamente o Monte veciñal en man común “Cerengo”. Esta clase de solo ocupa 399,76 ha (6,54 % da superficie total do concello).

O PBM non planifica ningunha infraestrutura ou actividade que poda carrexar a aparición de barreiras artificiais ou impida a conectividade propia do solo rústico.

Patrimonio cultural: o Catálogo do PBM incorpora os elementos do patrimonio cultural recollidos no PBA. O feito de crear un inventario dos elementos de interese patrimonial, no que se fotografía, se cartografía a situación e se realiza unha descrición do elemento e do seu estado de conservación, permite a identificación e coñecemento destes elementos e, por conseguinte, contribúe á súa posta en valor.

A delimitación e a zona de amortecemento do BIC Ribeira Sacra, delimitado coa consideración de paisaxe cultural, chega ata o municipio de San Xoán de Río, afectando á parroquia de Vilardá (Santa María), polo que se incorpora ao catálogo do PBM.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Atendendo ó establecido no artigo 34.2.h da Lei 2/2016, o **Solo Rústico de Protección Patrimonial (SRPP)** está constituído polos terreos protexidos pola lexislación de patrimonio cultural. A delimitación do solo rústico de protección patrimonial do concello de San Xoán de Río reflectida nos Planos de ordenación baseouse nas afeccións identificadas no PBA, a partir da cal se estableceu o contorno de protección destes elementos, segundo o establecido no artigo 38.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Esta categoría de solo rústico ocupa 371,45 ha (6,08 % da superficie total do concello).

Consumo de recursos: ciclos da auga, enerxía e materiais: o PBM terá en conta os requisitos dispostos na normativa sectorial en materia de augas para as novas necesidades de recursos de ou regularización de usos existentes. As ordenanzas reguladoras do uso do solo do PBM regulan o abastecemento de auga e saneamento, en cumprimento da correspondente normativa sectorial.

O PBM clasifica o solo ocupado por tendidos eléctricos como solo rústico de especial protección de infraestruturas. As ordenanzas reguladoras do uso do solo do PBM regulan as instalacións de transporte e abastecemento de enerxía eléctrica, en cumprimento da correspondente normativa sectorial.

As ordenanzas reguladoras do uso do solo do PBM establecen que as novas redes de servizo en núcleos rurais, tales como as redes de abastecemento de auga, saneamento, electricidade, iluminación, telecomunicacións ou gas, deseñaranse e executaranse de tal xeito que se minimicen as afectacións aos elementos naturais ou construídos que caracterizan a paisaxe dos núcleos rurais e a súa contorna funcional inmediata; as luminarias para o alumeado público adaptaranse ás características de cada lugar, evitando modelos propios de vías urbanas e de estradas.

Atendendo ao establecido no artigo 34.2.e da Lei 2/2016, o **Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SRPIN)** está constituído polos terreos rústicos destinados ó emprazamento de infraestruturas e as súas zonas de afección, tales como as comunicacións e telecomunicacións, as instalacións para o abastecemento, saneamento e depuración da auga, as de xestión de residuos sólidos, as derivadas da política enerxética ou calquera outra que xustifique a necesidade de afectar unha parte do territorio. O solo rústico de protección de infraestruturas do concello de San Xoán de Río delimitado nos Planos de ordenación está constituído por:

- As zonas de afección das estradas de titularidade autonómica e provincial: OU-536, OU-0705 y OU-0706 e a zona de afección da estrada LU-P-5303 aínda que o seu trazado discorre polo concello de Ribas de Sil en Lugo, recollidas no PBA, calculadas a partir da cartografía 1:5.000 do PBM como dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas a unha distancia de 30 metros, segundo o establecido para estradas convencionais no artigo 40.1.b da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- As zonas de afección xeradas polas redes de alta e media tensión que discorren polo concello.
- A zona de afección dunha infraestrutura de telecomunicacións de RETEGAL
- Os terreos destinados ó emprazamento da concesión mineira de “Cabanas”; en aplicación do disposto no artigo 34.2.e) LSG é no correlativo 49.2.e) RLSG.

Esta categoría de solo rústico ocupa 343,94 ha (5,63 % da superficie total do concello).

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Atmosfera e cambio climático: O PBM regula mediante a súa normativa, os usos e actividades que permiten establecer garantías de calidade ambiental, asegurando unha contorna saudable e indicativa da calidade de vida. A ausencia de e solo industrial favorece a calidade ambiental, evitando a implantación de actividades e infraestruturas emisoras de contaminación que podan resultar prexudiciais tanto para a poboación como para o medio ambiente.

A ausencia de planificación de solo industrial tamén contribúe a evitar a emisión de gases de efecto invernadoiro, que proceden en gran medida da actividade industrial.

Sociedade e economía: o PBM contribúe á articulación interna dos asentamentos de poboación do concello a través da consolidación das infraestruturas existentes e o fortalecemento dos niveis de servizo dos núcleos estruturantes do sistema rural, aumentando o seu atractivo como centros de actividade e residencia. O PBM trata de potenciar o sector primario, favorecendo o aumento da base territorial das explotacións a través da axeitada clasificación e preservación do recurso solo, de xeito compaxinado co uso preciso do solo rústico para a localización de instalacións de interese xeral que favorezan a creación de emprego e calidade de vida no rural.

2.2. INTEGRACIÓN DAS DETERMINACIÓNS DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

O 20 de outubro de 2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático resolveu non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan Básico Municipal do concello de San Xoán de Río emitindo informe ambiental estratéxico coas seguintes determinacións, que serán tidas en conta para mellorar a sustentabilidade ambiental do planeamento:

- *Categorizarase como solo rústico de protección de espazos naturais o ámbito territorial inserido na paisaxe protexida "Val do Río Navea", espazo pertencente á Rede galega de espazos naturais protexidos, sen prexuízo de atribuirlle outras categorías complementarias de solo rústico.*

- *O plan velará pola preservación dos muros de pedra tradicionais a través da súa identificación e, cando corresponda, a súa oportuna protección. Neste sentido, revisarase a proposta de aliñacións en núcleos rurais co fin de respectar eses elementos de valor etnográfico. Asi mesmo, valorarase revisar a delimitación dos núcleos rurais cuxa expansión poda afectar á actual configuración da paisaxe.*

- *Deberíase adaptar a normativa do PBM as características particulares do concello.*

A primeira determinación deriva na corrección do PBM categorizando o espazo "Val do Río Navea" como solo rústico de protección de espazos naturais, estando este definido como Pasaxe protexida dentro da Rede Galega de Espazos Naturais regulados na Lei 5/2019 de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. O espazo mantén igualmente a categoría de solo rústico de protección paisaxística.

En relación coa segunda determinación, se revisan as aliñacións dos núcleos respectando os muros de pedra tradicionais, así como as delimitacións os núcleos rurais de O Campo/Cerniza, San Silvestre e Mouruás, atendendo ás consideracións do informe do IET.

Polo que respecta á adaptación da Normativa ás características particulares do concello, indicar que conforme ao establecido no artigo 150.1.e) do RLSG *"o plan básico municipal incorporará as*

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

ordenanzas tipo e aquelas específicas que mellor se adecúen ás clases e categorías de solo nel delimitadas, entre as definidas no Plan Básico Autonómico", polo que desde o PBM non cabe a posibilidade da súa corrección.

No trámite de consultas emitiron informe os seguintes organismos, indicándose a continuación as consideracións feitas en relación aos informes citados e, no seu caso, a súa integración no planeamento:

- **Instituto de Estudos do Territorio:**

  Tomase en consideración o contido do informe, ponderando as observacións recollidas nel en atención ás características particulares do concello de San Xoán de Río e ao alcance do PBM de acordo coas determinacións establecidas no artigo 149 do RLSG, entendendo que a ordenación establecida é axustada a complexidade urbanística do municipio, respectándose os valores paisaxísticos diagnosticados, si ben, reaxústanse as delimitación dos núcleos rurais de O Campo/Cerniza, San Silvestre e Mouruás. Ademais revísanse as aliñacións para respectar os muros de pedra.

- **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:**

  O PBM toma en consideración as observación realizadas no informe, das cales se derivan os seguintes reaxustes ou matizacións.

  Corríxense as fichas do Catálogo atendendo as observacións realizadas neste sentido no apartado 1.2 do informe.

  En relación co sinalado en varios puntos do informe nos que se indica que os contornos de protección non se clasificarán como solo rústico de protección patrimonial, o artigo 49.2.h) do RLSG establece que esta categoría de solo rústico está *"constituído polos terreos protexidos pola lexislación e demais normativa en materia de patrimonio cultural"* entre os que se atopan os contornos de protección, e polo tanto, atendendo a citada determinación merecen dita categorización.

  Polo que respecta as cuestión sinaladas no informe relacionadas con cambios ou modificacións a introducir na Normativa Urbanística (carpeta 06.NU), indicar que conforme ao establecido no artigo 150.1.e) do RLSG *"o plan básico municipal incorporará as ordenanzas tipo e aquelas específicas que mellor se adecúen ás clases e categorías de solo nel delimitadas, entre as definidas no Plan Básico Autonómico"*, polo que desde o PBM non cabe a posibilidade da súa corrección, si ben algunha delas inclúense nas Normas de Protección do Catálogo (carpeta 05.CAT), onde tamén se recollen a meirande parte das observacións emitidas no apartado 2.3. do informe.

- **Dirección Xeral de Patrimonio Natural:**

  Aínda que non é previsible que o PBM xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade se consideran as observacións indicadas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural co seguinte alcance:

  - Na área incluida dentro da Paisaxe protexida seguiranse as directrices da normativa de

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

aplicación (Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia) e as determinacións das ordenanzas reguladoras do PBM para o Solo rústico de protección de espazos naturais e para o Solo rústico de protección paisaxística.

- En atención ao artigo 84.1 da Lei 5/2019 e ao artigo 46.3 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, o PBM garante a conservación das representacións dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes no concello.

  En cumprimento da normativa sectorial, os proxectos que podan ter un impacto negativo sobre os lugares da Rede Natura 2000 deben ser sometidos a avaliación ambiental para garantir que non causará efectos prexudiciais á integridade ecolóxica deses lugares. A delimitación do solo de núcleo rural evita a dispersión da urbanización minimizando o impacto a elementos naturais e evitando a fragmentación do solo rústico, O PBM permite compatibilizar o aproveitamento do territorio coa conservación dos recursos naturais, promovendo e regulando a preservación e valorización dos elementos medioambientais. Defínense as figuras legais de protección de solo rústico, efectuándose unha maior protección para a protección de augas e das liñas eléctricas ca definida no PBA.

- Conforme ao establecido pola Lei 5/2006 do 30 de xuño, para a protección, a conservación e mellora dos ríos galegos e pola Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, o PBM inclúe os ríos e a súa vexetación de ribeira na categoría de Solo Rústico de Protección das Augas (SRPAU) garantindo a súa protección.

- Nos ámbitos de distribución potencial para *Emys orbicularis* terase en conta as determinacións do Decreto 70/2013, do 25 de abril, en aplicación da normativa sectorial. Non se establece no PBM determinacións de especial protección do solo rústico debido a non delimitación de áreas de presenza e áreas críticas para esta especie no concello.

En relación ás observacións realizadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Ourense, considéranse no PBM as medidas de protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas en aplicación da normativa sectorial, así como outros plans específicos no marco de patrimonio natural vixentes.

As ordenanzas reguladoras do uso do solo do PBM establecen o fomento na redución da xeración de residuos, a reciclaxe e a reutilización dos residuos urbanos, cumpríndose, en todo caso, as medidas que para tal efecto se recollan na normativa vixente. Fomentan a conservación da biodiversidade territorial e os elementos de interese natural, promovendo o uso sustentable para garantir e colaborar na funcionalidade ecolóxica, a través de actuacións eficientes e compatibles co fin de previr efectos adversos sobre o medio.

- **Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal:**

  O PBM toma en consideración as observacións realizadas no informe.

- **Axencia Galega de Infraestruturas:**

  Adáptase a normativa sectorial recollida no apartado 2.5.4 da Memoria Xustificativa, Parte I. Información ao indicado no apartado de fundamentos xurídicos do informe.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Polo que respecta as cuestión sinaladas no informe relacionadas con cambios ou modificacións a introducir na Normativa Urbanística (carpeta 06.NU), indicar que conforme ao establecido no artigo 150.1.e) do RLSG *"o plan básico municipal incorporará as ordenanzas tipo e aquelas específicas que mellor se adecúen ás clases e categorías de solo nel delimitadas, entre as definidas no Plan Básico Autonómico"*, polo que desde o PBM non cabe a posibilidade da súa corrección.

O resto de cuestións indicadas tomáronse en consideración na redacción do PBM.

- **Augas de Galicia:**

O PBM toma en consideración as observación realizadas no informe en relación co abastecemento e saneamento.

Segundo o artigo 63 da Lei 2/2016, os Plans básicos municipais teñen por obxecto a delimitación dos núcleos rurais existentes e dos terreos que reúnan os requisitos esixidos para seren clasificados como solo urbano consolidado. Atendendo a esta determinación, o presente PBM reflicte e delimita os asentamentos de poboación actuais pero non prevé ningún novo desenvolvemento urbanístico residencial ou industrial e, consecuentemente, non implica un incremento considerable das necesidades de abastecemento de auga e saneamento. Deste xeito, as necesidades previstas polo plan son moi similares ás actuais e seguirán garantíndose cos medios propios existentes.

- **Confederación Hidrográfica del Miño-Sil:**

O PBM toma en consideración as conclusións do informe en relación á dispoñibilidade de recursos hídricos, verquidos, canles, zonas de servidume, policía e inundables, e zonas protexidas.

Así, recóllese tanto na memoria como na cartografía a orixe do auga de abastecemento do ámbito, reflectindo as concesións de aproveitamento de auga outorgadas para o abastecemento, indicando na memoria o número de expediente, o caudal concedido e o caudal realmente consumido.

Polo que respecta ao saneamento identifícanse na memoria e planos as autorizacións de verquido.

En relación co anteriormente dito, segundo o artigo 63 da Lei 2/2016, os Plans básicos municipais teñen por obxecto a delimitación dos núcleos rurais existentes e dos terreos que reúnan os requisitos esixidos para seren clasificados como solo urbano consolidado. Atendendo a esta determinación, o presente PBM reflicte e delimita os asentamentos de poboación actuais pero non prevé ningún novo desenvolvemento urbanístico residencial ou industrial e, consecuentemente, non implica un incremento considerable das necesidades de abastecemento de auga e saneamento. Deste xeito, as necesidades previstas polo plan son moi similares ás actuais e seguirán garantíndose cos medios propios existentes.

- **Servizo de Infraestruturas Agrarias:**

No informe emitido polo Servizo de infraestruturas Agrarias non se fan observacións que sexa

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

preciso contestar ou comentar, xa que segundo se indica nel o ámbito do PBM non está afectado por concentración parcelaria e polo tanto no interfire nas súas competencias.

- **Dirección Xeral de Mobilidade:**

  O PBM toma en consideración as observacións realizadas no informe.

- **Dirección Xeral de Enerxía e Minas:**

  O PBM toma en consideración as observación realizadas no informe, incorporando os dereitos mineiros indicados á memoria informativa e xustificativa.

- **Particular:**

  Conforme á Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se formula o informe ambiental estratéxico do PBM de San Xoán de Río, proponse non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, polo que considéranse suficientemente avaliados ou analizados no documento do Borrador as diferentes cuestións indicadas no escrito presentado, sobre todo as relativas as afeccións indicadas nel, sobre as que o PBM ao tratarse dun planeamento de desenrolo do PBA, segundo o establecido no artigo 149 do RLSG e en relación ao solo rústico, tan so pode categorizar como solo rústico especialmente protexido, coas subcategorías que correspondan, aqueles ámbitos merecedores de protección por afección dunha normativa sectorial específica ou dun instrumento de ordenación do territorio, segundo se recolla no PBA para o ámbito do termino municipal. O resto do solo, o que o PBM non clasifique e categorice como solo rústico de especial protección, solo urbano consolidado ou solo de núcleo rural, clasificarase e categorizarase cono solo rústico de protección ordinaria.

  Polo que respecta as cuestións relativas as necesidades de abastecemento de auga, Segundo o artigo 63 da Lei 2/2016, os Plans básicos municipais teñen por obxecto a delimitación dos núcleos rurais existentes e dos terreos que reúnan os requisitos esixidos para seren clasificados como solo urbano consolidado. Atendendo a esta determinación, o presente PBM reflicte e delimita os asentamentos de poboación actuais pero non prevé ningún novo desenvolvemento urbanístico residencial ou industrial e, consecuentemente, non implica un incremento considerable das necesidades de abastecemento de auga. Deste xeito, as necesidades previstas polo plan son moi similares ás actuais e seguirán garantíndose cos medios propios existentes. No caso de que se leven a cabo obras de mellora ou de reforzo da rede existente, seguiranse os obxectivos recollidos no Plan Auga, no que se inclúen as previsións necesarias para este concello.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

2.3. RAZÓNS DA ELECCIÓN DA ALTERNATIVA SELECCIONADA EN RELACIÓN COAS ALTERNATIVAS CONSIDERADAS

2.3.1. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS

Núm. alternativa	Vantaxes	Inconvenientes
Alternativa 0	Considera a delimitación de solos rústicos que corresponde normativamente..	Impide unha ordenación básica que dea resposta ás necesidades urbanísticas do concello baixo criterios de crecemento sustentable. Non se aplican as delimitacións das protecciónns descritas no PBA, o que tería repercusións na conservación do solo rústico e incrementaría a afección a terreos con recursos agroforestais. A ausencia de planeamento, impide o desenvolvemento do concello e a protección dos valores paisaxísticos, naturais e patrimoniais non quedando descritos dentro do solo rústico de especial protección.
Alternativa 1	Recolle as delimitacións dos núcleos rurais, as afeccións sectoriais e as zonas de protección recollidas do Plan Básico Autonómico e reguladas pola respectiva normativa sectorial vixente. Establece a delimitación dos asentamentos de poboación a través dunha delimitación de núcleos rurais compacta, que potencia as tendencias existentes e que favorece a rehabilitación fronte á nova edificación.. Categoriza o solo rústico conforme as delimitacións das afeccións establecidas no Plan Básico. Mellora a precisión da delimitación da protección de augas por medio da incorporación de cartografía e información xeográfica da maior precisión espacial e máis actualizada. Considera como solo rústico de protección de infraestruturas as liñas eléctricas de media tensión, non reflectidas no PBA.	---
Alternativa 2	Favorece un uso sostible do solo a través dunha delimitación de núcleos rurais e establece as delimitacións das protecciónns descritas no Plan Básico Autonómico. recolle as delimitacións dos núcleos rurais e as afeccións sectoriais e as zonas de protección recollidas do Plan Básico Autonómico e reguladas pola respectiva normativa sectorial vixente, definindo o solo rústico conforme as delimitacións das afeccións establecidas no Plan Básico Autonómico.	Non incorpora maior precisión.da descrita nas protecciónns do Plan Básico Autonómico

2.3.2. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN

Da valoración cualitativa das alternativas sobre os efectos das distintas variables ambientais establecida no DAE obtense que a Alternativa 1 é a máis viable, alcanzando un 83% do grado de integración do PBM no territorio de San Xoán de Río.

A Alternativa 1 recolle as delimitacións dos núcleos rurais, as afeccións sectoriais e as zonas de protección recollidas do Plan Básico Autonómico e reguladas pola respectiva normativa sectorial vixente, categorizando o solo rústico conforme as delimitacións das afeccións establecidas no Plan Básico Autonómico, mellorando a delimitación do solo rústico de protección de augas por medio da incorporación de cartografía e información xeográfica da maior precisión espacial e máis actualizada, e tamén considéranse como solo rústico de protección de infraestruturas as liñas eléctricas de media

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXdWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

tensión, non reflectidas no PBA.

Conclúese que a Alternativa 1 permite unha aproximación máis precisa á realidade do territorio do concello de San Xoán de Río, mellorando e actualizando a información recollida no PBA e recollendo a totalidade das figuras de protección aplicables no territorio municipal, polo que se opta polo desenvolvemento desta alternativa para a delimitación dos núcleos rurais e o establecemento das categorías do solo rústico, dotando de seguridade xurídica á actividade urbanística do concello.

3. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O SEGUEMENTO DOS EFECTOS DA APLICACIÓN DO PLAN NO AMBIENTE

O establecemento de indicadores para cada unha das variables ambientais e o seu análise permitirá o seguimento e avaliación do PBM. Disporase de información permanente e actualizada sobre a incidencia do plan, comprobando a aplicación das medidas para o seu correcto desenvolvemento e mitigando os efectos negativos, posibilitando a detección de impactos non previstos sobre os distintos aspectos ambientais:

- **Ocupación do solo:**

Indicador:	CONSUMO DE SOLO PLANIFICADO
Descrición:	Indicador do grao de consumo de solo potencial (a teito de planeamento) por urbanización no Concello.
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	PBM
Método de cálculo:	superficie (ha) definidas como de núcleo rural / superficie (ha) do Concello.
Actualización:	modificacións puntuais ou revisións do PBM

Indicador:	CONSUMO DE SOLO EXECUTADO
Descrición:	Indicador do grao de consumo de solo real (executado) por urbanización no Concello.
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	superficie (ha) de núcleo rural urbanizada/ superficie (ha) definidas como de núcleo rural no PBM.
Actualización:	modificacións puntuais ou revisións do PBM

Indicador:	CUBERTA DO SOLO
Descrición:	Superficie destinada a cultivos agrícolas, pasteiros, e uso forestal
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	SIOSE
Método de cálculo:	Superficie (ha) en explotación agroforestal / superficie (ha) total
Actualización:	Anual

Indicador:	APROVEITAMENTO FORESTAL

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Indicador:	APROVEITAMENTO FORESTAL
Descrición:	Superficie de especies forestais autóctonas.
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Rexistros da dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en ordenación forestal.
Método de cálculo:	Superficie (ha) forestal/ superficie (ha) total
Actualización:	Anual

Indicador:	ORDENACIÓN FORESTAL
Descrición:	Superficie forestal ordenada.
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Rexistros da dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en ordenación forestal.
Método de cálculo:	Superficie (ha) forestal ordenada/ superficie (ha) total
Actualización:	Anual

Indicador:	INCENDIOS FORESTAIS
Descrición:	Superficie afectada por incendios forestais.
Unidade de medida:	Ha e %
Fonte de datos:	Rexistros da dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en defensa forestal.
Método de cálculo:	Superficie (ha) forestal queimada/ superficie (ha) total
Actualización:	Anual

- **Paisaxe:**

Indicador:	ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PAISAXE
Descrición:	Actuacións na conservación, xestión e ordenación da paisaxe conforme ao Convenio Europeo da Paisaxe
Unidade de medida:	Nº de actuacións
Fonte de datos:	Municipal.
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Indicador:	ÁREAS DE ESPECIAL INTERESE PAISAXÍSTICO
Descrición:	Evolución da superficie ocupada por cada unha das AEIP delimitadas polo Catálogo das paisaxes de Galicia.
Unidade de medida:	Ha e %
Fonte de datos:	Rexistros da dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en paisaxe.
Método de cálculo:	Superficie (ha) das AEIP/ superficie (ha) AEIP no ano de aprobación do PBM
Actualización:	Cada catro (4) anos

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

- **Patrimonio Natural:**

Indicador:	ESPAZOS PROTEXIDOS
Descrición:	Superficie do territorio que conta con algunha categoría de protección da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e os recollidos nos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no planeamento municipal.
Unidade de medida:	Ha
Fonte de datos:	Rexistros da dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en Patrimonio Natural
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

- **Patrimonio Cultural:**

Indicador:	BENS PROTEXIDOS
Descrición:	Bens e elementos de interese cultural protexidos baixo algunha das figuras recollidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
Unidade de medida:	Nº
Fonte de datos:	Rexistros da dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en Patrimonio Cultural
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

- **Consumo de recursos: ciclo da auga:**

Indicador:	ABASTECEMENTO DE AUGA MUNICIPAL
Descrición:	Poboación conectada a sistemas de abastecemento e cantidade de auga subministrado pola rede de abastecemento municipal (considera o consumo total dos distintos sectores e as perdas).
Unidade de medida:	% sobre a poboación total e Litros / (persoa equivalente / día)
Fonte de datos:	Empresa subministradora / EIEL
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Indicador:	PERDAS DE AUGA
Descrición:	Perdas rexistradas na rede de distribución.
Unidade de medida:	Litros / Auga subministrada total
Fonte de datos:	Empresa subministradora
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Indicador:	SANEAMENTO MUNICIPAL
Descrición:	Poboación conectada a sistemas de saneamento.
Unidade de medida:	% sobre a poboación total
Fonte de datos:	Municipal / EIEL
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Indicador:	AUTORIZACIÓNS DE VERTIDO
Descrición:	Autorizacións de vertido a ríos
Unidade de medida:	Número
Fonte de datos:	Municipal / EIEL / Organismo de conca

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Indicador:	AUTORIZACIÓNS DE VERTIDO
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

- **Consumo de recursos: enerxía:**

Indicador:	CONSUMO DE ENERXÍA
Descrición:	Consumo de enerxía en equipamentos municipais (electricidade, calefacción e auga quente)
Unidade de medida:	KWh/habitante
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Indicador:	ENERXÍAS RENOVABLES
Descrición:	Instalacións de enerxías renovables e redución de consumo
Unidade de medida:	Número de instalacións e % de redución de consumo sobre o total de consumo eléctrico
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Indicador:	SISTEMAS DE ILUMINACIÓN DE BAIXO CONSUMO
Descrición:	Implantación de sistemas de iluminación de baixo consumo en equipamentos e edificios municipais e alumeado público. Redución do consumo.
Unidade de medida:	Nº de iniciativas executadas en sistemas de baixo consumo e % da redución
Fonte de datos:	Municipal / EIEL / Organismo de conca
Método de cálculo:	Número; e consumo eléctrico con iniciativas executadas / consumo eléctrico sobre o total
Actualización:	Anual

- **Consumo de recursos: materiais:**

Indicador:	RESIDUOS URBANOS
Descrición:	Cantidade de residuos urbanos recollidos
Unidade de medida:	Kg/habitante
Fonte de datos:	Municipal / Empresa concesionaria do servizo
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Indicador:	INDICE DE RECOLLIDA SELECTIVA EN CONTEDORES
Descrición:	Recollida selectiva de papel, cartón, vidro e envases.
Unidade de medida:	Número de contedores / habitante
Fonte de datos:	Municipal / Empresa concesionaria do servizo
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Indicador:	RECOLLIDA DE RAEE
Descrición:	Recollida selectiva de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE).
Unidade de medida:	Kg / habitante

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Indicador:	RECOLLIDA DE RAEE
Fonte de datos:	Municipal / Empresa concesionaria do servizo
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

- **Atmosfera e cambio climático:**

Indicador:	EMISIÓNS DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO
Descrición:	Cantidade de gases de efecto invernadoiro emitidos polos equipamentos, edificios municipais e alumeado público. Alcance 1+2.
Unidade de medida:	Toneladas CO_2 equivalente / habitante
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

- **Sociedade e economía:**

Indicador:	DENSIDADE DE POBOACIÓN
Descrición:	Cantidade de poboación referida a superficie do concello
Unidade de medida:	Habitantes / km^2
Fonte de datos:	IGE
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Indicador:	TAXA DE EMPREGO TOTAL
Descrición:	Proporción de poboación empregada (16-64 anos)
Unidade de medida:	% sobre a poboación total
Fonte de datos:	IGE
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Indicador:	EMPRESAS CON SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL
Descrición:	Empresas que conten coa implantación de un sistema de xestión ambiental certificado
Unidade de medida:	% sobre o numero total de empresas
Fonte de datos:	Rexistro EMAS / IGE
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Indicador:	VIVENDAS REHABILITADAS EN ZONAS RURAIS
Descrición:	Cantidade de vivendas rehabilitadas en zonas rurais
Unidade de medida:	Nº
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	--
Actualización:	Anual

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:30:57

CVE: 8vpXddWPw8
Verificación: https://sede.xunta.es/cve